

Lugo, 1 de setembro de 2010

Estimada familia,

Queremos darvos a benvida a un novo curso escolar 2010-2011 e agradecervos o voso apoio no desenvolvemento do noso centro e do noso proxecto educativo orientado cara á aprendizaxe dos vosos fillos e fillas.

Este curso escolar seguimos ofertando os nosos servizos: de comedor de transporte **da nosa Escola de Música**, Cantarela, do **Conservatorio de Grao Medio** e **da nosa Aula de Natureza**, Trevia e **actividades extraescolares** tanto deportivas como de aprendizaxe de idiomas (Galén English School) como en anos anteriores.

Na nosa páxina web encontraredes toda a información daquilo que suceda no centro: actividades, festas, actos culturais, reunións, rotas de transporte, cadro de profesores e profesoras, etc.; Gustaríanos contar coas vosas aportacións e utilizaremos o voso correo electrónico como vía de comunicación preferente. Por todo isto agradeceríámosvos que no caso de non recibir os diferentes correo electrónicos vos poñades en contacto con nós a través de info@centrogalen.com ou a través dos teléfonos de Galén para resolver a incidencia.

Inicio do curso 2010-11:

Mercres 8 de setembro

10:00 -2º e 3º de Educación Infantil e 1ª a 6º de Educación Primaria

10:30/11:30- 1º Educación Infantil

Xoves 9 de setembro

10:00- ESO e BAC

Para o resto da información acudide á páxina web: www.centrogalen.com e ao longo das vindeiras semanas recibiredes máis información sobre o inicio das actividades extraescolares, das clases da Escola de Música, da Galén English School, etc. no voso correo electrónico.

Agradecemosvos que ao inicio do curso cubrades a ficha adxunta no dorso desta carta cos servizos que utilice o voso fillo ou filla.

Á espera de poder saudarvos persoalmente, recibide un cordial saúdo.

Raúl Pérez Grande
Director Académico

